


estratexias de animación á lectura Estratexias de animación
á lectura estratexias de animación á lectura estratexias
de animación á lectura **estratexias de animación**

á lectura estratexias de animación á lectura

Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



QUERIDO INIMIGO

Obxectivos

- Aprender a superar o medo.
- Motivar o amor polos animais.
- Comprender e analizar as relacións persoais.
- Valorar a amizade como base das relacións persoais.

2

Orientacións

A obra *Querido inimigo* presenta a historia de Laura, unha nena que se arrepiaba ao ver un can. Grazas a unha experiencia positiva co can dun amigo, Laura consegue vencer o seu medo e aprende a querer estes animais.

A partir da lectura da obra, preténdese animar os alumnos a superar os seus medos e a desenvolver o amor polos animais (en concreto, polos cans). Do mesmo xeito, analizando o comportamento da protagonista, pódese facer unha análise das relacións dos nenos cos seus compañeiros, cos seus amigos, os seus inimigos, os seus pais etc.

ACTIVIDADE 1

(Previa á lectura): **¿TI TES CAN?**

Obxectivos

- Expoñer e compartir vivencias cos compañeiros.
- Comprender as técnicas da descrición (abundante adxectivación).
- Mellorar a expresión oral.
- Valorar o respecto polos compañeiros.

Descrición

O profesor/a comezará cunha actividade oral preguntándolles aos alumnos se teñen can. Os alumnos expresarán as súas situacións (conversación dirixida) e, deseguido, pediralles aos que si o teñen que o describan de maneira tan detallada como lles sexa posible. Os alumnos que non teñan can serán os encargados de debuxar o can descrito (cada alumno, un can distinto).

O profesor/a pediralles a aqueles alumnos que describiron o seu can que para o día seguinte traian unha fotografía na que se vexa o animal descrito, para o comparar co debuxo que realizou o compañeiro/a.

Orientacións

É importante que o alumno/a que debuxa non vise nunca o can do compañeiro, para intentar realizar o debuxo só coa información oral que reciba.

En función do grupo, pode ser necesario pautar a descrición e deixar un tempo para a preparación (por exemplo: un primeiro parágrafo para a presentación e o aspecto xeral, un parágrafo para a descrición da cabeza, outro do tronco, das patas etc.).

Tamén en función do grupo e da organización da clase, o profesor/a pode propoñer que todos describan un can (sexa, ou non, o seu) e logo, en parellas, que o debuxen. Así, todos os alumnos realizan todas as actividades. Finalmente, a descrición pode ser oral ou escrita.

ACTIVIDADE 2

(Previa á lectura): **XA NON TEÑO MEDO**

Obxectivos

- Aprender a superar os medos.
- Fomentar a reflexión e a intelixencia intrapersoal.
- Analizar un resultado con valor estatístico.
- Fomentar a creatividade na busca de solucións.

Descrición

O profesor/a entregará unha folla de papel e explicará que os alumnos deben escribir nela os seus medos, pero sen anotar o seu nome.

Un alumno/a sairá ao encerado para anotar os resultados e colectivamente valorarán cales son os seus temores. O profesor/a ensinará a analizar resultados estatísticos ao seu nivel. (Por exemplo: 3 de 24 alumnos teñen medo das ratas...)

O profesor/a incentivará o diálogo e a creatividade para propoñer solucións (¿Que podemos facer para perder o medo polas ratas?).

Orientacións

É importante que os alumnos sexan ordenados e respectuosos ao falar dos seus propios temores e ao escoitar os dos seus compañeiros.

ACTIVIDADE 3

(Previa á lectura): **IMAXINA...**

Obxectivos

- Crear hipóteses.
- Traballar a redacción de historias.
- Fomentar o traballo en equipo.

Descrición

Antes de empezar a lectura da obra, o profesor/a lerá o título do libro e mais o título dos capítulos e pediralles aos alumnos que fagan hipóteses sobre o argumento da obra.

Orientacións

Esta actividade pódese desenvolver en dúas partes: unha oral en grupo e outra escrita individual na que os alumnos recollan as ideas discutidas en grupo.

ACTIVIDADE 4

(Durante a lectura): **¡ORGANÍZATE CON FICHAS!**

Obxectivos

- Desenvolver a creatividade.
- Mellorar a comprensión de textos.
- Comprender a organización de información en fichas.

Descrición

Na páxina 13 do libro, aparece unha breve lista dos cans que Laura teme. O profesor/a remitirá os alumnos a esta pasaxe da obra para que realicen fichas de cada animal onde inclúan un debuxo de cada un e engadan información enciclopédica organizada.

Orientacións

O profesor/a pode pautar a información que hai que completar entregándolles aos alumnos unha táboa cun espazo para o debuxo e con columnas organizadas coa información solicitada, por exemplo: raza, tamaño, cor, particularidades...

Tamén se lles pode pedir aos alumnos que engadan un can distinto aos da lista de Laura e que completen a súa información.

ACTIVIDADE 5

(Despois da lectura): **QUERIDO...**

Obxectivos

- Coñecer a estrutura formal da carta.
- Desenvolver a capacidade de síntese.
- Mellorar a expresión escrita.

Descrición

O profesor/a explicaralles aos alumnos a estrutura da carta (data, lugar, saúdo, corpo, despedida...). Pode facelo a partir de exemplos dos que os alumnos poden deducir a estrutura ou ben de maneira teórica. Deseguido, pediralles aos alumnos que escriban unha carta, desde o punto de vista de Laura, dirixida a un can.

Orientacións

O profesor/a pode propoñerlles aos alumnos que comecen con *Querido inimigo* ou *Querido amigo*, en función do momento da historia no que sitúen a carta.

É importante que os alumnos sexan coherentes co contido da historia e que sigan a estrutura da tipoloxía textual solicitada.

ACTIVIDADE 6

(Despois da lectura): **¡TEATRALÍZATE!**

Obxectivos

- Desenvolver a expresión oral.
- Traballar a retención memorística.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Incentivar a toma de decisións.

Descrición

O profesor/a solicitaralle aos nenos que se organicen en grupos de 2 ou 3 alumnos e que discutan sobre cal foi a pasaxe da obra que lles gustou máis. Cando o decidan, terán que adaptala para representala teatralmente diante dos seus compañeiros.

Orientacións

O proceso de selección do parágrafo é tan enriquecedor coma a representación en si mesma, posto que na discusión os alumnos demostran o grao de comprensión e de implicación na lectura da obra.